



IX premio  
de textos teatrais  
VARELA BUXÁN



Excmo.  
Concello da Estrada

FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA



# bases para a convocatoria do premio de textos teatrais VARELA BUXÁN

A Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada (EMAE) e o Concello da Estrada, comprometidos co proceso de creación cultural, convocan o IX PREMIO DE TEXTOS TEATRAIS VARELA BUXÁN cos obxectivos de:

.Pór en valor a actividade dramaturxica como referente na Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada e na vida cultural estradense.

.Perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural.

.Estimular a creación de nova dramaturxia galega e colaborar na divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán.

1.-Poderán concorrer ao Premio todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega (nin publicados, nin representados, nin premiados noutros certames). A temática e extensión das obras será libre.

2.-Os orixinais serán presentados nun sobre pechado que inclúa un PENDRIVE ou memoria USB co lema da obra. Este sobre incluirá un segundo sobre pechado co lema na súa parte frontal. Dentro del, figurarán os seguintes datos do/a autor/a: nome completo, DNI, enderezo, número de teléfono e correo electrónico.

3.-Os orixinais deberán ser remitidos ao seguinte enderezo: **Departamento de Cultura do Concello da Estrada, praza da Constitución s/n CP:36680 A Estrada (Pontevedra)**, indicando no sobre *IX Premio de Textos Teatrais Varela Buxán*.

4.-O prazo de admisión de orixinais pecharase o **31 de outubro de 2023**.

5.-A dotación económica será de **1.200 euros** que se outorgarán indivisiblemente nun único premio ao que se lle aplicarán as retencións legalmente establecidas. Asemade entregaráse ao gañador/a a obra publicada que será distribuída pola editorial Fervenza.

6.-O organización escollerá un xurado de recoñecido prestixio, presidido polo dramaturgo Santiago Cortegoso, que poderá declarar o premio deserto. A súa resolución terá lugar antes do 31 de decembro de 2023. A entrega do premio celebrarase posteriormente no curso dun acto público en data e lugar que se anunciarán oportunamente.

7.-Os orixinais non premiados poderán ser retirados polos respectivos/as autores/as no prazo de 30 días contados a partir do fallo do Premio.

8.-A participación neste certame requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases.